

REFLEXIÓNS VERBO DA TRADUCCIÓ DA BIBLIA Ó GALEGO

Xesús Ferro Ruibal

1. Importancia sociocultural da traducción da Biblia (para crentes e incrédulos)

1.1. A Biblia é o pentagrama da cultura occidental

A Biblia é o libro máis traducido e máis citado da historia, quizais porque en Occidente as tres grandes relixións son *relixións do libro* (xudeus, cristiáns e musulmáns). Pero, como se ten dito tantas veces, aínda que estamos afeitos a ter na man un volume que se titula *A Biblia*, a Biblia é máis unha biblioteca ca un libro: *ta biblia* significa “os libriños”, coma quen di “folletos”; e nin todos inclúen na palabra *Biblia* o mesmo número de libros.

Xudeus, católicos e protestantes entenden por *Biblia* un volume de diferentes dimensións: os xudeus non recoñecen o Novo Testamento (NT); e do Antigo Testamento (AT) aceptan os libros escritos en hebreo e arameo e consideran apócrifos os libros que só aparecen na versión dos *Setenta*¹.

Tamén entre os cristiáns houbo dúbidas verbo da amplitude oficial do NT, denominada *canon*. San Xerome fixo no século IV a traducción latina de toda a Biblia, que se coñece como *Vulgata*, incluíndo os *Setenta* e o NT. Inocencio I (no 405) e moito despois o Concilio de Trento (1546) fixaron o canon católico (admitindo a versión dos *Setenta* e o NT coas *Cartas de Pedro, Xudas* e a *Apocalipse*) e deixando, en cambio, fóra libros do NT que inicialmente se tiveran por canónicos (coma o *Pastor* de Hermas ou a *Epístola de Clemente*). Os libros que foron canónicos dende o principio denomínanse *protocanónicos*. E os que conseguiron despois esa categoría, *deuterocanónicos*. Para os católicos suman 73 libros.

1. A *Biblia dos Setenta* é unha versión grega do AT que fixeron no século III un colectivo de xudeus de Alexandría e que nela incluíron libros escritos en grego: *Tobías, Xudit, Sabedoría de Salomón, Eclesiástico, Macabeos 1 e 2* e algúns fragmentos de *Daniel e Ester*.

Os protestantes, en xeral, aceptan AT e NT pero rexeitan os libros deuterocanónicos.

Polo tanto a Biblia é un conxunto de perfís difusos, pero quen influíu na tradición occidental, como sinala Northrop Frye², foi a Biblia católica cristiá que inclúe o Antigo e o Novo Testamento. A división en capítulos e versículos é da época do Renacemento, que é manifestamente mellorable, pero, como calquera código de utilización masiva, é mellor deixalo como está, porque xa leva séculos funcionando como sistema internacional de citas que agora sería caótico cambiar: unha luz cativa que agora non paga a pena matar. Del xa se dixo que era un *triste lumen nec postea exstinguendum*.

Adán e Eva, Diluvio, David e Goliat, Xudit e Holofernes, María Magdalena, Xesús, Pedro, Santiago, etc. enchen o repertorio iconográfico de Occidente. Se desaparecesen os relatos bíblicos, boa parte da iconografía occidental sería tan opaca como é a de Walt Disney para un indio amazónico que nunca saíu do seu mato, ou como é para nós a que traen os negros a vender ás feiras ou a que vemos na India ou na China. A Biblia forma parte do esquema mental de Occidente e debemos lembrar con Frye (op. cit., p. 18) que o ser humano non vive exclusivamente na natureza, como parece que viven os animais, senón no contexto dun universo mitolóxico, un conxunto de tradicións e crenzas froito das súas vivencias.

O Pórtico da Gloria, os 15.000 cruceiros e os petos de ánimas que enchen a paisaxe galega, a música de Bach e as catedrais todas do mundo non se entenden sen a Biblia.

1.2. A Biblia formadora da lingua

É ben coñecida a importancia que para o alemán tivo a versión que fixo Lutero: Nietzsche disque a consideraba como o libro máis importante en lingua alemana. Hoxe moito vocabulario e modismos comúns a tódalas linguas de Europa son bíblicos. Vexamos algúns exemplos.

Substantivos: *Aleluia*; *Apocalipse* (Apo); *Calvario* (un) (Mt 27,33); *Cenáculo* (Feit 1,13); *Xoio -cizaña* (Mt 13,24-30); *Creación* (Xén 1-2); *Diluvio* (un) (Xén 6,5-8,14); *Edén* (Xén 2,8-10); *Escándalo* (Mt 18,5-7; Mc 9,42; Lc 17,1-3); *Éxodo*; *Fariseo* (Mt 23,27-28; Lc 11,39-44); *Filisteo* (ISam 16-17); *Hosanna* (Sal 118,25-26, Mt 21,9); *Inferno* (Mt 16.18 ss, IPe 3,19-20); *INRI* (Xo 19,19-22); *Leviatán* (Xob 3,8; 30,25; Is 27,1); *Lucifer* (Is 14,12); *Magdalena* (unha) (Mc 16,9; Lc 8,2; Lc 7,36-50); *Magnificat* (Lc 1,46); *Mercaderes do templo* (Xo 2,16); *Mesías* (Sal 20,7) = *Cristo* (Lc 2,26); *Moisés* (Éx 1,22-2,10); *Nacemento* (Lc 2,7); *Onanismo* (Xén 38, 8-10); *Paraíso* (Xén 2,8; Lc 23,43; 2Cor 12,4); *Pascua* (Lev 23,5); *Patrenostres* (Mt 6,7-15); *Pentecoste* (Lev 23,15-21); *Querubín* (Sal 18,11, Ez, 1,10); *Ramos* (Xo 12,11-

2. NORTHROP FRYE, *El gran código*, Gedisa Editorial, Barcelona, 1988, 13.

19); *Sábado* (Xén 2,2-3); *Salomé* (Mc 6,17-29); *Sionismo* (Is 1,21-2,3; 4,3-5); *Sodomía* (Xén 18,20; 19,29); *Tabernáculo* (Éx 25,1-22); *Talento* (Mt 25,14-30); *Verónica (unha)*; *Xehenna* (Mt 5,22; 2Re 23,10); *Xeová* (Apo 1,4); *Xeremíadas (Xer)*; *Xudas* (Mt 26,14-25; 47-50, 27,3-9, Mc 14,10-11).

Locucións substantivas (subs. + de + subs.): *Árbore da vida* (Xén 2,8-9); *Arca de Noé* (Xén 6,13-8,22); *Camiño de Damasco* (Fei 9,4-5); *Dez Pragas de Exipto* (Éx 7-12); *Día da cólera* (Mt 24-25); *Doutores da Lei* (Lc 2,41-47 e 11,45-52); *Escada de Xacob* (Xén 28,10-19); *Estatua de sal* (Xén 19,26); *Homes de boa vontade* (Lc 2,14); *Lei do talión* (Éx 21,23-25); *Loita co Anxo* (Xén 32,25-30); *Masacre dos inocentes* (Mt 2,13-18); *Obreiro da hora undécima* (Mt 20,1-16); *Pranto e rinchar dos dentes* (Mt 22,13); *Prato de lentellas* (Xén 25,29-34); *Raiña de Saba* (1Re 10,1-13); *Revolta dos Macabeos* (2 Mac 7); *Sal da terra* (Mt 5,13); *Taboa da Lei* (Éx 31,18; 32,15-16); *Táboas da Lei* (Xén 31,18); *Toison d'or* (Éx 32,1-5); *Torre de babel* (Xén 15,5-10); *Travesía do deserto* (Deut 1,3); *Trompetas de Xericó* (Xosué 6,1).

Locucións substantivas (subs. + adx.): *Ano sábito* (Deute 15,1-11); *Anxo Exterminador* (Éx 12,23); *Bo Pastor* (Sal 23; Xo 10,11); *Bo Samaritano* (Lc 10,25-37); *Chivo expiatorio* (Lev 16,21-22); *Demo meridiano* (Sal 91,6, Sal 121, 6); *Dez mandamentos* (Éx 19,34 e 34,28); *Fillo pródigo* (Lc 19,11-32); *Froita prohibida* (Xén 2,16-17; 3,1-24); *Pesca milagrosa* (Xo 21,1-14); *Rico epulón* (Lc 16,19-31); *Sancta Sanctorum* (2Crón 3,8-13); *Santo Sudario* (Lc 24,12); *Séptimo Ceo* (2Cor 12,2); *Sepulcros branqueados* (Mt 23,27); *Vacas gordas e vacas fracas* (Xén 41); *Xuízo Final* (Mt 25,31-46); *Xuízo salomónico* (Reis 3,16-28).

Locucións substantivas (subs. + subs.): *Alfa e omega*, (Apo 1,8); *Caín e Abel* (Xén 4,1-15); *David e Goliath* (1Sam 17,4-11 e 40-54); *Marta e María* (Lc 10, 38-42).

Locucións adxectivas: *Coloso con pes de barro* (Dan 2,31-35); *Viño novo en odres vellos* (Mt 9,17, Mc 2,17); *Máis ruín ca Herodes; Máis vello ca Matusalén* (Xén 5,25-27); *Pobre coma Xob* (Xob).

Locucións verbais: *Bebe-lo cáliz* (Mt 26,39); *Coñecer biblicamente* (Xén 4,1); *Lava-las mans* (Mt 27,24-26); *Leva-la súa cruz* (Xo 19,17); *Parti-lo pan* (Mt 26,26); *Predicar no deserto* (Mt 3,1); *Ser coma san Tomé* (Xo 20,24-49); *Tira-la primeira pedra* (Xo 8,5-11).

Locucións adverbiais: *Coa suor da súa testa* (Xén 3,19); *Por obra e gracia do Espírito santo* (Mt 1,18); *Por séculos de séculos* (Sal 45,18; 48,15).

Locucións que designan crenzas máxicas: *Trece na mesa* (Mt 26,35; Mc 14,12.-31); *Venres 13³*.

3. Considérase nefasto na cultura anglosaxona porque Xesús morreu un venres 13 do mes de Nisán.

Citas: *A carne é débil* (Mt.26,41); *Ave María* (Lc.1,28); *Coñecerédelos polos seus froitos* (Mt 7,16-20); *Darlle ó César o que é do César* (Mt 20,23-25); *Deixade que os mortos enterren os mortos* (Mt 8,21); *Deixade que os nenos veñan para onda min* (Lc 18,15,17); *Érguete e anda* (Mt 9,5-7); *Fiat lux* (Xén 1,3); *Hai de todo na viña do Señor* (Mt 20, 1-16; 21,33-44); *Hai máis chamados que escollidos* (Mt 22,14); *Mane, Tecel, Fares* (Dan 5,25-28); *Nada novo baixo o sol* (Eclesiastés 1,9); *Ninguén é profeta na súa terra* (Lc 4,16-30); *Olo por olo e dente por dente* (Éx 21,23-25); *Os últimos serán os primeiros* (Mt 20,16, Mc 10,31); *Quen mate coa espada, coa espada morrerá* (Mt 26,52; Xo 18,10); *Quen non está comigo está contra min* (Mt 12,30); *Quen teña orellas que entenda* (Mt 13,9).

1.3. Razóns da tradución da Biblia

Se xudaísmo, cristianismo e islamismo cadran en seren *relixións do libro*, o cristianismo distínguese delas en non ter lingua sagrada, a pesar da tentación milenaria do latín. En Feitos 2,5-11 cóntase o milagre da tradución simultánea na Pentecoste. Aquilo marcou o rumbo. Axiña empezou a vehicularse en diferentes linguas a palabra de Deus. Primeiro en grego (NT e versión dos Setenta). Despois en latín. Úlfilas no século V traduciu a ó gótico. Nos países eslavos, Cirilo e Metodio. E así seguido. Axiña entrou en tódalas linguas coñecidas, aínda que o centralismo romano amordazou a catolicidade. De feito a romanización de Galicia é probablemente obra da cristianización, máis ca das lexións romanas.

Máis que ser un mérito ter traducida a Biblia, pódese dicir que non tela é un indicio de escasa saúde da propia lingua, de ter problemas na normalización.

2. A Biblia en Galicia na Idade Media

1. Manuel Taboada Cid detectou, pero non publicou, que nun catálogo da biblioteca dun conde español viu que figuraba un libro titulado *Biblia Gallega*. ¿El sería realmente unha biblia –e entón estaríamos coma o P. Sarmiento cando leu no Marqués de Santillana que houbera trovadores medievais– ou sería algo do que enumerarei a continuación?

2. Os textos bíblicos medievais que Serafim da Silva Neto empezou a publicar baixo o título de *Biblia Medieval Portuguesa* conteñen tanto léxico galego que o P. Crespo sostíña que debía chamarse *galego-portuguesa*⁴. Pero é dubidoso que ese texto circulase por Galicia.

3. No Escorial, en cambio, gárdase un manuscrito (O.I.I.) que contén a tradución galega dos seis primeiros capítulos e a metade do sétimo da

4. CRESPO POZO, Xosé S., “A Biblia medieval portuguesa compre chamala galego portuguesa”, en *Grial* 31, 1971, 95-103.

General Estoria de Afonso O Sabio, quedando aí interrompido o intento de traducila enteira. Esta *General estoria* está baseada no texto bíblico, aínda que non é exactamente o texto bíblico. Chega ata a loita de Xacob con Anxo. Pola letra sábese que é da primeira metade do XIV e que o traductor ou copista debeu de ser Nuno Freyre (*Deus mantena Nuno Freyre. Amen/ manteñate Deus Nuno Freyre*).

Dubídase de se esta é unha traducción galega do orixinal castelán ou se, ben mirado, é o orixinal, e despois decidiron traducila ó castelán e rematala nesa lingua, quedando inacaba a redacción galega. Durante algún tempo considerouse portuguesa, porque se sabía que houbera esa traducción no catálogo da biblioteca do rey D. Duarte (1433-1438). Pero Leite de Vasconcellos demostrou en 1903 que era galega, non portuguesa (*fillo, escolly, mellores /moy, moytos / fezo, fizo, diso, bendiso, plougo, soubo, estovo, oubo, poso, tevo, /negû /noble, reyna*). Finalmente Avelino Jesus da Costa e Mario Martins atoparon na Torre do Tombo fragmentos da tal versión portuguesa.

Para percibirmo-lo grao de semellanza e diferenza entre a *General Estoria* e mailo texto bíblico pode ser útil comparármolo inicio da GE e do libro da Xénese.

A *General Estoria* de Afonso X

Copia da primeira metade do século XIV

I Das obras que Deus fezo ênos primeyros seys dias.

Quando noso señor Deus criou êno começo oço et aterra e todaslas cousas que en elles som, segundo queo cõta Moysem que foy sancto et sabio, et outros moytos queo acordam cõ el, departyo et fezó todo em seys dias desta guysa:

O **primeyro dia** criou aluz et todalas naturas dos angeos bõos et máos, que som as criaturas spiriũaes; et partyo esse dia aluz das tebras, et aaluz chamou dia, et aas tebras noyte.

O **segundo dia** fezo o firmamêto et partyo cõ el as agoas de suso das de juso.

O **terceiro dia** ajuntou todaslas agoas que su oço som: os mares et as outras agoas doçes de rrios et de fontes; et quando as agoas forõ apartadas et ajuntadas em hũ lugar, paresço oseco que he dito terra; et criou estonçes Deus êna terra as eruas et as aruores de todas naturas.

A *Biblia* de 1989

Libro da Xénese

1 ¹ Ó principio de crear Deus o ceo e a terra, ² a terra era unha masa disforme e baldeira, as tebras cubrían o abismo e un vento poderoso axitaba as augas. ³ Mandou Deus que houbese luz, e houbo luz. ⁴ Viu Deus que a luz era cousa boa e arredouna das tebras. ⁵ Á luz chamouna día e ás tebras chamounas noite. E con iso completouse o **primeiro día** da semana.

⁶ Quixo Deus que houbese un espacio para arreda-las augas das augas. ⁷ É fixo un espacio, que arredaba as augas de enriba das de embaixo. ⁸ Ó espacio rematado Deus chamouno ceo. E completouse o **segundo día**.

⁹ Mandou Deus que se xuntasen as augas de embaixo nun lugar e que aparecese o chan enxoiito. E así foi. ¹⁰ Ó chan enxoiito chamouno terra e ás augas xuntas, mares. E viu que estaba ben. ¹¹ Mandou Deus que a terra xermolase herba verde, plantas coa súa semente e árbores que desen froitos, cada unha coa súa semente, conforme á

O **quarto día** alumeou os ceos et a terra cō osol, et cō alúa et com as estrelas; et posoas êno firmamento: osol por lo dia, et alúa et as estrelas pera anoyte.

O **quinto día** fezo os peçes et as aues de todas maneyras et bendisóós; et diso cresçede et multiplicade et enchede as augas et a terra.

O **sexto día** criou as bestas grandes et as pequenas de todas naturas; et esse dia mesmo formou ho omê a sua ymagen et asua semellança, que fose adiantado et señor de todas las criaturas que som su oço; et fazendóo aasua yamgen et asua semellança criou omacho et afemea, asi cōmo odeparte Moysem et Jeronymo êprimeyro capitelo do Genesis, et Josep outrosi êno primeyro da estoria da Antigüdade dos Judios, et outros moytos queo afirmã cō elle. Et disy bendisoos Deus, et disolles que cresçessem, et arrequeçessem, et enchessê a terra, et que aseñorasem su oseu poder; et bendizen-dóos bendiso as any. /Fol2/ malyas da terra em elles. Et mãdou quos omês et as outras anymalyas que comessem et biuessen das eruas da terra, et das semêtes dellas, et das froytas das arueros. Despois desto todo, catou noso señor Deus todas las cousas que avia feytas et vyo que erã moy boas. Et foy todo acabado de fazer êno sexto dia, como oyredes queo diz Moysem adeante.

súa especie. E así foi. ¹²A terra xermolou herba verde, plantas coa súa semente, árbores que daban froito, cada unha coa súa semente. E viu Deus que estaba ben. ¹³E completouse o **terceiro día**.

¹⁴Mandou Deus que houbese luces no espacio para distingui-lo día da noite, para dar sinal das festas, das estacións, dos anos, ¹⁵e para que, brillando no espacio, alumasen a terra. E así foi. ¹⁶ Deus fixo dúas luminarias, a grande que rexe o día, a pequena que rexe a noite, e tamén as estrelas: ¹⁷ Púxoas no espacio, ¹⁸ para aluma-la terra, para rexe-lo día e a noite e para distingui-la luz das tebras. E viu que estaba ben. ¹⁹ E completouse o **cuarto día**.

²⁰ Quixo Deus que as augas fosen un fervereiro de peixes e o espacio entre o ceo e a terra un voar de paxaros. ²¹ E creou os monstros mariños, os moitos xéneros de peixes que referven nas augas e tódalas sortes de paxaros. E parecéronlle ben. ²²E bendixoos deste xeito: *Reproducídevos, crecede, enchede as augas do mar e que os paxaros medren na terra.* ²³ E completouse o **quinto día**.

²⁴mandou Deus que a terra producise as varias especies de animais, os domésticos, os reptís e as feras salvaxes. E así foi. ²⁵ Deus fixo as varias especies de animais domésticos, reptís, e parecéronlle ben. ²⁶ Despois dixo Deus: *Imos face-lo home á nosa imaxe e á nosa semellanza, e que mande nos peixes do mar, nos paxaros do ceo, nos animais domésticos e nos reptís todos da terra.* ²⁷ E creou Deus o home á súa imaxe, creouno varón e femia. ²⁸E bendixoos así: - *Reproducídevos, crecede, enchede a terra e sometédea. Mandade nos peixes do mar, nos paxaros do ceo e nos reptís todos da terra.* ²⁹ E díxolles aínda: - *Aí vos dou as herbas todas que hai na terra, coa súa propia semente, e tódalas árbores que dan froito coa súa propia semente: serviránvos para a manenza.* ³⁰ *As feras todas do monte, ós paxaros do ceo e ós reptís que viven na terra dóulle-la herba para a manenza.* E fíxose así ³¹Viu Deus canto fixera e era de verdade moi bo. E completouse o **sexto día**.

3. A doma e castración de Galicia

Pero, se os principios era prometedores, axiña se frustraron. Afonso X, que compuxo en Toledo un magnífico libro en honor de Santa María, iniciou a práctica de poñer nos postos directivos de Galicia eclesiásticos non galegos e esa práctica durou demasiados séculos. Cando en 1563 o Concilio de Trento manda aproxima-la predicación á fala popular, os bispos de Galicia –non galegos– deciden unanimemente que a lingua vernácula da evanxelización en Galicia era o castelán. A centralización que no XVI levaron a cabo os frades favoreceu San Benito el Grande de Valladolid⁵ no caso dos bieitos; e Palazuelos, no caso dos cistercienses. Pecháronse os mosteiros, coas súas boticas e as súas escolas: Galicia, analfabetizada, entrou nos séculos escuros. Non houbo quen puidese pensar en traduci-la Biblia ó galego. Nin sequera a visita daquel entusiasta apóstolo da Biblia George Borrow significou nada para a Biblia en galego.

4. De Hervás y Panduro á Biblia galega de 1989

1787. Lorenzo Hervás y Panduro fai a primeira versión coñecida do *Noso Pai*. Fíxoa por motivos lingüísticos –e non relixioso-pastorais– para un libro italiano (*Saggio pratico delle lingue*. Casena 1787) no que se atopa esa oración traducida a máis de trescentas linguas.

1854. Morre Francisco J. Rodríguez, sacerdote que deixa inédito o primeiro *Diccionario gallego-castellano* (que editará Antonio M^o de la Iglesia en 1864) e de quen se conserva na RAG un fragmento en galego e latín (1Cor. 13,1-10).

1857. Traducción da *Parábola do fillo pródigo* nun apéndice do libro *Historia de la Lengua y Literatura Catalanas* (Barcelona).

1860. Vicente de Turnes fai a traducción do *Evanxeo de Mateo* para un proxecto de Luis Luciano Bonaparte. Pero a que publicou en 1861 foi a de José Sánchez de Santa María.

1950. Galaxia quixo inaugurarse cunha traducción dos *Evanxeos* feita por Ramón Cabanillas pero nada se soubo dela. Parece que fixeron unha Amable Veiga e Antonio López, cun prólogo de Xermán Álvaro. Pero nada se publicou.

1964. Manuel Vidán Torreira publica en *Grial* (6,1964, 458-478) o *Cantar dos Cantares* cun prólogo de Xesús Precedo Lafuente.

10.5.1964 Manuel Vidán Torreira en *La Noche* empeza a publica-los *textos variables da misa dominical*.

1965. Manuel Espiña Gamallo e Xosé Mourente Torres publican os *Evanxelos* (Imprenta Moret da Coruña).

1967. Isaac Alonso Estravís publica *Os Salmos* (SEPT).

5. Entristece pensar que aló foron parar rendas, libros e tesouros dos mosteiros e prioratos galegos, que todo se dispersou na posterior desamortización, que aquela casa despois foi cuartel, que posteriormente ardeu e que hoxe só quedan as paredes que albergan a concellería de cultura do Concello.

1968. Manuel Casado Nieto traduce da Vulgata *Xob, Eclesiastés e Cantiga das Cantigas* (Centro Galego de Barcelona).

1974. *O Novo Testamento* traducido do orixinal grego por Avelino Gómez Ledo. Manuel Casado Nieto publica *O Novo Testamento* traducido da Vulgata latina pero sen os catro evanxeos⁶.

1975. Co *Pentateuco*, traducido da Vulgata latina, inicia Manuel Casado Nieto a traducción do AT.

1978. *O Novo Testamento* traducido do orixinal grego por un equipo de biblistas (SEPT).

1982 Manuel Casado Nieto publica a traducción dos *Libros históricos*.

1984 Manuel Casado Nieto publica a traducción dos *Libros poéticos e sapienciais*.

1989. *A Biblia*, traducida directamente dos orixinais por un equipo de biblistas. (SEPT) (Apróboa a Conferencia Episcopal o 10.3.1989)

5. Dificultades técnicas de traduci-la Biblia e características da traducción galega

A Biblia, como se leva dito, é o libro máis traducido e máis citado da historia. Traducilo é un traballo que ten moita tradición. Hai tantos comentarios ó texto que se pode dicir que cada palabra da Biblia ten detrás un quilo de bibliografía. Parecería, polo tanto, cousa doada traduci-la Biblia, porque un dispón de traduccións a diversas linguas. Sen embargo non é así: hai numerosas dificultades.

A primeira é o establecemento do texto. Xa falei das diferentes dimensións para xudeus, protestantes e católicos. Pero hai máis. A crítica textual fai ver que non tódolos manuscritos din en todo o mesmo. Hai mesmo interpolacións posteriores (o sonado *comma johanneum* 1Xn 5,7 verbo da Trindade⁷). E isto é importante porque a Biblia, ó contrario dun *Diccionario de mitoloxía grega*, non permite calquera variante en pé de igualdade. No ámbito católico, as interpretacións diverxentes considéranse herexías e iso provoca grandes sufrimentos. No campo católico hai mesmo normas oficiais para traducir procedentes do Vaticano⁸.

6. FILGUEIRA VALVERDE, Xosé, "A nova versión da Biblia en galego" en *VI Adral*. Ed. Do Castro, Sada 1990; 57-60.

7. Na Biblia Galega (BG) vai en nota como interpolación da Vulgata: *Porque tres son os que dan testemuño [no ceo: o Pai, a Palavra e mailo Espírito santo; e estes tres son un. E hai tres que testemuñan na terra]: O Espírito, a auga e mailo sangue; e os tres testemuñan no mesmo senso. Engadimos na nota: Certamente non é auténtico: engadiuse no século IV en África ou Hispania e non é imposible que fose na Gallaecia porque é Prisciliano o primeiro autor en quen aparece.*

8. *Instructio ad executionem Constitutionis de Sacra Liturgia recte ordinandam (Acta Apostolicae Sedis 56,1964,877-900).*

Le traduzioni dei libri liturgici. Atti del Congresso tenuto a Roma el 9-13 novembre 1965 (Vaticano 1966). E, cando se trata de textos usados na liturxia, ás veces, a disciplina é

A segunda é a enorme variedade do material de partida. Sendo tantos libros distintos, hai orixinais en arameo, en hebreo e en grego. A Biblia ábrese coa creación do universo (*Xénese*) e péchase coa fin do tempo (*Apocalipse*); polo medio hai moi diferentes argumentos e estilos; hai libros de carácter narrativo, xurídico, poético, histórico, profético⁹ (só o Pentateuco xa ten narracións, lexislación, normativa cultural e rexistros). No NT temos relatos da vida de Xesús (*Evanxeos*) e cartas ás primeiras comunidades cristiás. É moi distinto o estilo elevado de Isaías do estilo de Marcos que se dirixe a un auditorio popular. A carta apaixonada de Paulo ós Gálatas é moi distinta do libro da Apocalipse. E cada tema ten non só o seu léxico senón tamén o seu estilo, que un traductor debe recrear na lingua de chegada.

De por parte, hai zonas que xa ós contemporáneos lles eran difíciles de entender: en 2Pe 3,16 recóñcese que Paulo *...fala diso en tódalas cartas. Anque nelas hai algunhas cousas difíciles de entender*. E hai cousas difíciles de traducir coma o xogo *ix/ixa* do Xén2,23: *se llamará "Varona" porque del "Varón" ha sido tomada* (NC)¹⁰ *su nombre será "Hembra" porque la han sacado del "Hombre"* (SCH). *Chamarase "Muller" porque foi tomada do "Home"* (BG). Ou, para falar do NT, en Filipenses hai un himno no que un versículo (2,6) permite dúas traducións moi diferentes: *Cristo Xesús non retivo celosamente o seu rango / non considerou ese rango como unha presa a capturar / No reputó codiciable tesoro mantenerse igual a Dios, antes se anonadó* (NC) */ Non se agarrou cobizosamente á súa categoría de Deus, senón que se espiu do seu rango* (BG).

A terceira dificultade é que é precisamente esa abundancia de comentarios e de traducións a que fai difícil a traducción, porque sacraliza o orixinal creando a tendencia a mante-las palabras e as locucións que se levan citando dous mil anos e iso dá lugar á existencia dunha xerxa que podiamos chamar *inglés bíblico*, *castelán bíblico*, ou *galego bíblico* que nada ten que ver co inglés, castelán ou galego que realmente falamos. Os protestantes franceses disque lle chaman humoristicamente *patois de Canaan*.

Bromas á parte, aquí hai un problema de maior calado, o concepto de traducción, que tratarei de explicar empezando por poñer-las exemplos para facer despois a teoría.

máis severa. O *fiat corpus et sanguis*, previo á consagración, deu lugar a grave discusión entre os que querían traducir ó castelán *sea para nosotros Cuerpo y Sangre* (aludindo ó cambio de valor para nós, coma un pano que se fai sagrada bandeira: transignificación) e os que esixían traducir *se convierta para nosotros en el Cuerpo y Sangre* (aludindo a unha verdadeira mutación física: transubstanciación).

9. *Históricos* (Xosué Reis, Esdras, Rut, Nehemías, Crónicas); *proféticos* (Isaías, Xeremías, Ezequiel e mailos chamados profetas menores); *poesía e sabedoría* (Xob, Proverbios, Salmos, Cántiga das Cántigas, Eclesiastés).

10. NC= Biblia castela de Nácar-Colunga; SCH= Biblia castelá de Schökel.

5.1. Problemas co aspecto verbal grego

A estrutura da conxugación grega é distinta da nosa actual. O verbo tiña voces, modos tempos e persoas, coma hoxe, pero tamén tiña aspecto durativo (presente), ingresivo ou instantáneo (aoristo) e consecuencia ou efecto dun acto ou dun proceso (perfecto). Segundo o aspecto, o verbo grego *gignosko* “coñecer” non sempre poderemos traducilo como *coñecer*; por veces haberá que traducilo como *seino ben*; por veces como *estou ó tanto/ estou sabido*; outras veces como *decateime*, etc. Mateos afirma que as linguas modernas teñen os mesmos aspectos ou máis que tiña o grego, só que os expresan con perífrases coma *está dicindo, vai dicindo, anda dicindo, sae dicindo* etc. A obsesión por conserva-los tempos desatendendo o aspecto deu traducións pouco transparentes.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
1Xo 3,9		
Quien ha nacido de Dios , no peca, porque la simiente de Dios está en él y no puede pecar porque ha nacido de Dios.	Quien ha nacido de Dios y lo vive , no comete pecado, porque lleva dentro la semilla de Dios; es más, como ha nacido de Dios y lo vive, le resulta imposible pecar.	Quen naceu de Deus , xa non comete pecado, porque a semente de Deus queda nel.

¿Quen se bautizou nunca peca? Iso parecen dici-la traducción de Nácar e a nosa. Neste caso Schökel engade *y lo vive* para expresa-lo aspecto de consecuencia activa dun feito, o efecto psicolóxico ou espiritual presente daquel nacemento, co que lle quita á frase a inxenuidade de pensar que o simple bautismo xa nos inmuniza contra o pecado: un bautizado, se se mantén na fe viva que supón o bautismo (matiz do perfecto grego), claro que non peca; pero, se perde esa actitude permanente, peca sete veces por día.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
1Cor 8,2		
Si alguno cree saber algo, aún no sabe lo que conviene saber.	Quien se figura haber terminado de conocer algo, todavía no ha empezado a conocer como se debe .	Se alguén cre que xa coñece algo, aínda non coñece como hai que coñecer .

O primeiro verbo está en perfecto, indica, polo tanto, un estado que é resultado dun acto ou dun proceso. O segundo está en aoristo e ten sentido ingresivo (*empezar a coñecer*). A traducción de Nácar é contradictoria; a galega con ese *xa coñece* expresa ben a acción concluída e a ingresiva con ese *aínda non coñece como hai que coñecer* pero ningunha coma a de Schökel expresa ben os dous matices (*haber terminado de conocer / no ha empezado a conocer*) facendo o texto plenamente transparente e lóxico.

Semellante é o caso do perfecto en Gál 2,19: non traducimos *Fun crucificado con Cristo*, senón *Fiquei crucificado con Cristo*.

5.2. Problemas co léxico neotestamentario

Igual acontece no **léxico**. *Logos /verbum* hoxe só significan un elemento gramatical.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Xn 1,1		
Al principio era el Verbo.	Al principio ya existía la Palabra.	Ó comezo existía a Palabra.

De sempre as linguas xermánicas traduciron *the Word, Das Wort*, hol.: *Het Woord*, dan.: *Ordet*; e o chino, *Tao* (“camiño/santa palabra”)¹¹. Palabras coma *psyché* “alma”, *soma* “corpo” e *sarx* “carne” teñen na nosa cultura actual significados distintos dos que tiñan na cultura bíblica. Non significan unha parte do home, senón o home enteiro: o primeiro significaba “vitalidade, vida”, o segundo designaba “o home enteiro, a persoa, a existencia” (por certo igual ca en Martín Códax *corpo delgado /corpo belido*) e o terceiro tamén o home enteiro, pero en canto, “ser feble, transitorio”, e mesmo “feble moralmente”, co que chega a significa-los “baixos instintos” ou o “home sen perspectiva ningunha de transcendencia”.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Mt 16,26		
Y ¿qué aprovecha al hombre ganar todo el mundo si pierde su alma?	¿De qué le sirve a uno ganar el mundo entero, si malogra su vida?	¿De que lle serve ó home gaña-lo mundo enteiro, se perde a súa vida?

Temos que notar que esta frase, tan utilizada polo clero nas predicacións como invitación á santidad, díxoa Xesús cando os discípulos se negaban a aceptar que tivese que acabar crucificado: o que estaba en xogo naquela conversa non era a alma de Xesús, senón o seu corpo, a súa vida mortal, a súa condición de líder chamado a triunfar, que o texto denomina *psyché*.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Gál 5,19		
Ahora bien: las obras de la carne son manifiestas, a saber: fornicación, impuereza, lascivia...	Las acciones que proceden de los bajos instintos son conocidas: lujuria, inmoralidad, libertinaje...	As obras dos baixos instintos tédeles ben á vista: fornicación, adulterio, libidinaxe...

11. ALONSO SCHÖKEL, L., “La nueva traducción litúrgica de los Evangelios. Razón de sus singularidades”, en *Sal Terrae* 56, 1968, 448.

Gál 3,3		
¿Tan insensatos sois? Habiendo comenzado en Espíritu ¿ahora acabáis en carne?	¿Tan estúpidos sois? ¿Empezásteis por el espíritu para terminar ahora con la materia?	¿E logo ¿sodes tan tarabeiros que, principiando no Espíritu, vindes rematar agora no máis baixo?
2Co 5,16		
A nadie conocemos según la carne.	Ya no apreciamos a nadie por la apariencia	Nós xa non prezamos a ningún conforme a criterios mundanos.
Mt 16,17		
Bienaventurado tu Simón Bar Jona porque no es la carne ni la sangre quien eso te ha revelado.	¡Dichoso tú, Simón, hijo de Jonás. Porque eso no te lo ha revelado nadie de carne y hueso!	¡Ditoso ti, Simón, fillo de Xonás, porque iso non cho revelou ninguén de carne e sangue!

Otras veces son cuestións de medidas antigas, que hoxe ninguén coñece nin usa.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Mt 25,14-15		
Porque es como si uno al emprender un viaje llama a sus siervos y les entrega su hacienda, dando a uno cinco talentos, a otro dos, a otro uno, a cada cual según su capacidad y se va.	Es como un hombre que, al irse de viaje, llamó a sus empleados y los dejó encargados de sus bienes; a uno le dejó cinco millones, a otro dos, a otro uno, según sus capacidades, luego se marchó. <i>Talento: medida de peso entre 26-36 k (suponse de prata ou ouro)</i>	Si, é tamén coma un home que, tendo que saír de viaxe, chamou polos seus criados e déulle-lo coidado da súa facenda. A un deulle cinco talentos, a outro dous, a outro un; a cadaquén segundo a súa capacidade. Despois marchou.
Mt 20,1		
Porque el reino de los cielos es semejante a un amo de casa que salió muy de mañana a ajustar obreros para su viña. Convenido con ellos en un denario al día, los envió a su viña.	El reinado de Dios se parece a un propietario que salió al amanecer a contratar jornaleros para su viña. Después de ajustarse con ellos en el jornal de costumbre, los mandó a su viña.	Porque o Reino do Ceo parécese a un propietario que saíu pola mañá cedo a contratar xornaleiros para a súa viña. Axustou con eles o xornal dun denario e mandounos á súa viña.
Mc 6, 36-38		
El sitio es desierto y avanzada la hora; despídelos para que vayan a las alquerías y aldeas del contorno y se compren algo de comer. El, respondiendo, les dijo: Dadles vosotros de comer. Y le dijeron ¿Vamos nosotros a comprar doscientos denarios de pan para darles de comer?	<i>Estamos en despoblado y es ya muy tarde. Despídelos, que vayan a los cortijos y aldeas de alrededor y se compren de comer.</i> El les replico: <i>-Dadles vosotros de comer.</i> Le preguntaron <i>-¿Vamos a comprar de pan medio año de jornal para darles de comer?</i> El les dijo: <i>-¿Cuántos panes tenéis?</i>	Por aquí non hai casas e xa pasa moito da hora. Vai ser mellor que os despidas, para que vaian ás aldeas e vilas veciñas e merquen algo de comer. Pero el respondeulles <i>-Dádelles vós de comer.</i> Contestaron: <i>-¿Imos, logo, mercar douscentos denarios de pan para lles dar-</i>

El les contesto: <i>¿Cuántos panes tenéis?</i> Habiéndose informado, le dijeron <i>Cinco y dos peces.</i>	<i>Id a ver.</i> Cuando lo averiguaron, le dijeron: <i>-Cinco, y además dos peces.</i>	<i>mos de comer?</i> El preguntou-lles: <i>-¿E, logo, canto pan tedes?</i> Fixeron o reconto e dixeron: <i>Por xunto temos cinco bolos e mais dous peixes.</i>
Mc 14,5		
¿Para que se ha hecho este derroche de unguento? Porque pudo venderse en más de trescientos denarios y darlo a los pobres.	¿A que viene ese derroche de perfume? Podía haberse vendido por un dineral y habérselo dado a los pobres.	Pero ¿a que ven este estrago de perfume? Podíase vender en trescientos denarios e repartírllelos ós pobres.
Mt 13,33		
Es semejante el reino de los cielos al fermento que una mujer toma y lo pone en tres medidas de harina..	Se parece el reinado de Dios a la levadura que metió una mujer en medio quintal de harina... "tres sata", unos trece litros.	O Reino do Ceo é semellante ó fermento que unha muller amasou en tres medidas de fariña...
Mt 18,23-28		
Por eso se asemeja el reino de los cielos a un rey que quiso tomar cuentas a sus siervos. Al comenzar a tomarlas se le presentó uno que le debía diez mil talentos... En saliendo de allí, aquel siervo se encontró con uno de sus compañeros que le debía cient denarios y agarrándole le sofocaba...	Se parece el reinado de Dios a un rey que quiso saldar cuentas con sus empleados. Para empezar le presentaron a uno que debía millo- nes... Pero al salir se encontró a un compañero suyo que le debía algún dinero , lo agarró por el cuello...	Por iso o Reino do Ceo é semellante a un rei que quixo face-las contas cos seus servidores. Cando empezaba, presentóuselle un que lle debía varios millóns. Pero, ó saír, o servidor aquel atopouse cun compañeiro que lle debía unha insignificancia e, agarrándoo pola gorxa, ...
Xn 6,19		
Habiendo, pues, navegado como unos veinticinco o treinta estadios , vieron a Jesús, que caminaba sobre el mar y se acercaba ya a la barca y temieron.	Habían remado unos cinco o seis kilómetros , cuando vieron a Jesús que andaba por el agua acercándose a la barca y se asustaron. <i>Lit 25 o 30 estadios (de 192m).</i>	Despois de levaren vogado unhas tres millas , viron a Xesús camiñando por riba do mar, e, conforme se ía achegando ó bote, empezaron a coller medo. 4.800 m
Xn 11,19		
Fue, pues, Jesús y se encontró con que llevaba ya cuatro días en el sepulcro. Estaba betania cerca de Jerusalén como unos quin- ce estadios.	Cuando llegó Jesús , se encontró con que lázaro ya llevaba cuatro días enterrado. Betania dista poco de Jerusalén, unos tres kilóme- tros.	Cando chegou Xesús, atopouse con que Lázaros xa levaba catro días no sepulcro. Betania estaba preto de Xerusalén, a un tres quiló- metros. (2.880 m)

Esta opción é discutida. O P. Verd¹² critica que se traduza *publicano* por *recaudador*, *hipócritas* por *farsantes*, *arquitrículo* por *maior domo*, *tetrarca* por *virrei*, *centurión* por *capitán* ou reducir *estadios* a *metros*. *¿Por qué comedes e bebedes con recaudadores e pecadores?* (Lc 5,30). Os *publicanos* eran uns recada-dores de contribución pero que ían a comisión e por iso poñían tanto celo no traballo que resultaban odiosos. ¿Cómo traducilo? ¿Recaudadores? ¿Inspectores da Facenda? ¿Cobradores do frac? Posiblemente sexa mellor deixalo como *publicano*. Aínda sen ser filólogo clásico, só con que un teña visto películas de romanos xa lle vai parecer raro oír falar de *capitáns*, no canto de *centurións*, no exército romano. *Escribas* (*grammateús*), chamado tamén *lexista* (*nomikós*) e *doutor da lei* (*nomodidáskalos*) houbo quen o traduciu por *teólogo*; o Leccionario español traduciu por *letrados* provocando unha protesta do Goberno español ante a Conferencia Episcopal porque o oficio dos avogados non ten nada que ver co dos escribas nin as súas leis coa lei mosaica. Gabriel M^a Verd coida que actualiza-la terminoloxía é mal negocio porque –di el– o que se gaña en rabiosa actualidade pérdese en ambientación histórica, coma se o traductor buscase que os lectores non se decatasen de que os Evanxeos se desenvolveron noutra civilización.

5.3. Luces procedentes da eséxese

Outra cuestión é a da *eséxese* que avanza. Poñerei só dous casos, un no que seguímo-la *eséxese* máis recente. E outro no que non seguimos, porque non nos pareceu aínda abondo asentada.

Xn 19,13. De la Potterie demostra que non é Pilato quen se senta no tribunal, senón que senta Xesús e así, sentado, é cando llelo mostra ós xudeus dicíndolles –*Velaquí o voso rei*

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Xn19,13-14		
Quando oyó Pilato estas palabras, sacó a Jesús fuera y se sentó en el tribunal... – <i>Ahí teneis a vuestro rey.</i>	Al oír estas palabras, Pilato sacó fuera a Jesús y lo sentó en el tribunal... – <i>Aquí teneis a vuestro rey.</i>	Pilato, oíndo estas palabras, levou para fóra a Xesús e sentouno no tribunal, no sitio nomeado <i>O enlousado...</i> e díxolles – <i>Velaquí o voso rei.</i>

O verbo *sózein* ten un valor “salvar” que se entende “salva-la vida”, sen máis transcendencia nos evanxeos. Así en Mc 5,34 (á muller que levaba doce anos con hemorragias, Xesús dille *A túa fe sanoute*), en Mc 8,35 (Xesús di: *Quen perda a súa vida pola miña causa e a do Evanxeo, poñerá a salvo*), en Xn 10,27 (Xesús di: *Agora o meu espírito está turbado. ¿E que hei de dicir: ‘Pai, sálvame desta hora’? ¿Pero se para iso cheguei a esta hora!*). Ben, pois logo temos que traducir

12. VERD, Gabriel M^a, “La traducción española del Leccionario litúrgico”, en *Razón y fe*, marzo 1971, 295-320.

Mc 10,26 co mesmo valor de salva-la vida: cando a aquel rico que lle preguntou que tiña que facer para acadar a vida eterna, Xesús dille que garde os mandamentos *Non mates, non cometas adulterio, non roubes, non deas falso testemuño, non defraudes, honra a teu pai e a túa nai*. Iso parece ser suficiente. Pero, como el lle di que iso xa o garda, Xesús encariñase con el e invítao a ser discípulo del vendendo todo e dándollelo ós pobres. O home vaise triste e Xesús di que é máis difícil que pase un camelo polo ollo dunha agulla ca que entre un rico no reino de Deus. E os discípulos preguntan asombrados *¿Pero logo quen se vai poder salvar /subsistir?*

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Mc 10, 24-27		
<i>Hijos, ¡Cuán difícil es entrar en el reino de los cielos! Es más fácil a un camello pasar por el hondón de una aguja que a un rico entrar en el reino de Dios. Más aún se espantaron, y decían entre sí: -Entonces ¿quién puede salvarse? Fijando en ellos Jesús su mirada, dijo: A los hombres sí es imposible, mas no a Dios, porque a Dios todo le es posible.</i>	<i>Hijos, ¡qué difícil es entrar en el Reino de Dios! Más fácil es que pase un camello por el ojo de una aguja que no que entre un rico en el Reino de Dios. Ellos comentaron, completamente desorientados: -Entonces ¿quién puede subsistir? Jesús se les quedó mirando y dijo: Humanamente, imposible, pero no para Dios, porque todo es posible para Dios.</i>	<i>Fillos. ¡qué difícil é entrar no Reino de Deus! É máis doado para un camelo pasar polo ollo dunha agulla, do que para un rico entrar no Reino de Deus. Eles, aínda máis asombrados, comentaban entre si: Entón ¿quen se vai poder salvar? Xesús, mirando para eles fixamente, dixo: Si, para os homes é imposible; pero para Deus todo é posible.</i>

5. 4. Semitismos subxacentes no grego de Palestina.

Para que o entendamos, quero dicir que non é algo así coma os valores gramaticais e léxicos galegos que hai no castelán de Valle Inclán. Non; hai máis distancia. Poñerei outro exemplo, da propia Biblia pero do século XX, que nos ofrece Orrieux¹³. A palabra hebrea *Ruakh*, que significa “o alento” e “a forza vital, a enerxía vital” aparece vertida en grego como *pneuma*, e esta pasou ó latín como *Spiritus*, co que polo camiño foi perdendo pequenos matices. Pero, cando os tradutores da Biblia a linguas africanas traducen a palabra *Esprit*, traducen como *Intelixencia*. ¿Por qué? Porque ese é o valor que no francés falado no XIX lle dá á palabra *esprit* o diccionario Littré. Quere dicir que a enerxía vital se transformou en intelixencia, sendo que nesas linguas africanas existían palabras para expresa-la enerxía vital. Hai unha falsificación.

A traducción dun texto, maiormente coa distancia que hai do universo mental dun europeo de hoxe ó que espellan textos escritos nunha lingua semita hai máis de 2.000 anos, é algo así como traducir imaxes de TV dun sistema a outro. Se non hai descodificador, só se ven raias e barullo de fondo. Traduci-la Biblia é aproximar dúas culturas relativamente impermeables.

13. ORRIEUX, Louis-Marie, “Dieu parle-t-il français?”, en *Lumière et vie* 16, 81, 1967, p. 83.

Hoxe calquera lector percibe que a linguaxe do AT é menos actual cá do NT, que, a fin de contas, está escrito en grego. Pero calquera que coñeza ben a lingua grega sabe que san Paulo era un bo escritor hebreo que escribía nun grego ben deficiente. Schökel, que coñece ben esas linguas, afirma que o grego de san Paulo está cheo de atentados á gramática e ó léxico grego¹⁴.

5.4.1. Semitismos léxicos

Hai semitismos no léxico, que por veces se deixan intactos:

E cando veña [o Paráclito] demostralle ó mundo que hai pecado, xustiza e condena.

É moi difícil traduci-lo orixinal porque o que hai detrás de ese *demostrará* é un concepto semítico que non é só “acusar”, senón tamén “carearse o agraviado xudicialmente co agresor e deixalo convicto da súa ofensa”.

Igual acontece co saúdo *khaire*, que corresponde á fórmula hebrea *Shalom Ialcu*, que continúa no hebreo actual, no árabe *Salum* “paz”, de onde deriva o castelán *zalema* (e *zalamero*)¹⁵.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Mt 21,9		
Hosanna al Hijo de David. Bendito el que viene en nombre del Señor. Hosanna en las alturas.	Viva el Hijo de David. Bendito el que viene en nombre del señor. Viva Dios Soberrano <i>Hosanna</i> : Orixinariamente “Salva, por favor”. Despois converteuse nunha aclamación.	¡Hosanna ó fillo de David! ¡Bendito o que vén no nome do Señor! ¡Hosanna no ceo!
Gál 4,7		
Envío Dios a nuestros corazones el Espíritu de su Hijo que grita: ¡Abba! ¡Padre!	Dios envió a vuestro interior el Espíritu de su Hijo que grita: ¡Abba! ¡Padre!	Deus mandou ós vosos corazóns o Espírito do seu Fillo que exclama ¡Abbá! (que quere dicir ¡meu pai!) <i>Abbá</i> literalmente en arameo quere dicir ¡papá!

Outras veces, están implícitos nos valores especiais de palabras gregas:

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Lc 13, 31-32		
Se acercaron algunos fariseos, diciéndole: <i>-Sal y vete de</i>	Se acercaron unos fariseos a decirle: <i>-Vete, márchate de</i>	Chegaron uns fariseos para lle avisar: <i>Veña, vaite de</i>

14. *Salvo la carta a los Hebreos, todos sus escritos son reos de lesa lengua griega, en puntos graves o leves.* E di que o grego de Paulo parécese ás conferencias que el dá en italiano ou en inglés *por falta de dominio*. E compárao ó retrouso de Hercules Poirot, personaxe de Agatha Christie, *But yes*, calco do francés *Mais oui* (*Razón y fe* 184, 1971, 375).

15. ALONSO SCHÖKEL, L., “La Nueva Traducción Litúrgica de los Evangelios, Razón de sus singularidades”, en *Sal Terrae* 55, 1967, 718.

<p>aquí, porque Herodes quiere matarte. El les dijo: <i>Id y decid a esa raposa: Yo expulso demonios y hago curaciones hoy, y las haré mañana, y al día tercero consumaré mi obra.</i></p>	<p>aquí, que Herodes quiere matarte. El contestó: <i>Id a decirle a ese don nadie: Mira, hoy y mañana seguiré curando y echando democios; al tercer día acabo.</i></p> <p><i>Lit. zorro no en el sentido de astucia, sino en el de individuo insignificante, opuesto a león o persona importante.</i></p>	<p>aquí, que Herodes te quiere matar. El respondeulles: - <i>Ídelle dicir a ese raposo: Eu hoxe e mañá estou a bota-los demos fóra e no terceiro día xa acabo.</i></p>
Mt 15,4		
<p>Honra a tu padre y a tu madre y quien maldijere a su padre o a su madre sea muerto.</p>	<p>Sustenta a tu padre y a tu madre y quien deja en la miseria a su padre o a su madre tiene pena de muerte. A palabra semita que está debaixo significa "quitarlle o seu a alguén"</p>	<p>Mira por teu pai e mais por túa nai e quen abandone a seu pai ou súa nai é reo de morte.</p>
2Co 5,16		
<p>A nadie conocemos según la carne.</p>	<p>Ya no apreciamos a nadie por la apariencia.</p>	<p>Nós xa non apreizamos a ninguné conforme a criterios mundanos.</p>
Mt 24,48-51		
<p>Pero si el mal siervo dijera para sus adentros: Mi amo tardará y comencare a golpear a sus compañeros y a comer y beber con borrachos, vendrá el amo de ese siervo el día que menos lo espera y a hora que no sabe y le hará azotar y le echará con los hipócritas: allí habrá llanto y crujir de dientes.</p>	<p>Pero si el canalla del empleado, pensando que su amo tardará, empieza a maltratar a sus compañeros y a comer y beber con los borrachos, el día que menos se lo espera y a la hora que no ha previsto llegará el amo y lo pondrá en la calle, mandándolo a donde se mandan los hipócritas. Allí será el llanto y apretar de de dientes.</p> <p><i>Lo dividirá en dos: "separación definitiva"</i></p>	<p>Pero se aquel mal empregado di para si: O meu amo inda non vén para agora e empeza a bourar nos seus compañeiros, comendo e bebendo cos borrachos, o día menos pensado e á hora máis imprevista, chégalle o amo e bótoa fóra cos hipócritas; alí será o pranto e mailo triscar dos dentes.</p>

Otras veces é que hai documentación que acredita que unha palabra ten usos máis amplos cós que hoxe lle damos. Así o grego *presbíteros* tamén se aplicaba ós senadores laicos xudeus e non tiña o significado clerical que colleu despois.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Feit 11,29		
<p>Los discípulos resolvieron enviar socorros a los hermanos que habitaban en Judea, cada uno según sus facultades, y lo hicieron, enviándolo a los ancianos.</p>	<p>Los discípulos acordaron enviar un subsidio, según los recursos de cada uno, a los hermanos que vivían en Judea. Así lo hicieron, enviándolo a los responsables.</p>	<p>Os discípulos ordenaron de mandar un auxilio ós irmáns de Xudea, cadaquén conforme ós seus posibles. E así o fixeron mandándolle ós responsables.</p>

Semellante é o caso da palabra grega *dikaioisyne*, que denomina a actividade de Deus que rehabilita o home e o libra de culpa. Mentres case todos a traducen por *justicia* ou *justificación*, que hoxe teñen un significado distinto, Schökel e Mateos tradúcena, segundo o contexto por palabras que hoxe se usan naquel sentido como *rehabilitación*, *indulto* ou *amnistía* (coma tal, Rom 1,16-17).

5.4.2. Semitismos gramaticais

Na **sintaxe**, coma tal, para expresa-lo comparativo de superioridade, os semitas din *Ti es gordo; eu son fraco* ou *Quérelle á filla e odia o fillo* onde nós diríamos *Ti es máis gordo ca min* e *Quérelle á filla máis ca ó fillo*. Isto dá lugar a que unhas traducións estean mellor ca outras:

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Mt 22,14		
Porque muchos son los llamados y pocos los escogidos.	Porque hay más llamados que escogidos.	Porque os chamados son moitos, pero poucos os escollidos.

É o episodio das vodas, nas que se expulsa un convidado que non leva traxe de festa. Quen calca a forma aramea de expresa-lo comparativo de superioridade, crea unha frase incoherente co contexto, porque, se só se expulsa un comensal, os escollidos non son tan poucos: son practicamente todos. Vexamos outro exemplo.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Lc 14,26		
Si alguno viene a mí y no aborrece a su padre, a su madre, a su mujer, a sus hijos, a sus hermanos, a sus hermanas y aun su propia vida, no puede ser mi discípulo.	Si uno quiere ser de los míos y no me prefiere a su padre y a su madre, a su mujer y a sus hijos, a sus hermanos y hermanas y hasta a sí mismo, no puede ser discípulo mío. <i>No me prefiere: significado del semitismo odia.</i>	Se alguén me quere seguir e non está disposto a romper con seu pai e con súa nai, coa muller e mais cos fillos, cos irmáns e coas irmás, e incluso coa súa propia vida, non pode ser discípulo meu.

A tradución galega e maila de Nacar Colunga son, neste caso, literais e malas. Isto lévanos a descubrir que as linguas non se corresponden por palabras, senón por estruturas idiomáticas. Non é a palabra a que manda, nin a fidelidade dunha tradución radica na palabra: unha tradución é fiel se a estrutura lingüística utilizada é equivalente.

5.4.3. Fraseoloxía semítica subxacente

Na **fraseoloxía** tamén hai estruturas que deben traducirse a estruturas nosas. Non sempre é así, unhas veces por inercia e outras porque nos parece

que, de tanto repetilas, xa están introducidas no uso actual. *Ollo malvado*, segundo Schökel é unha locución semítica que significa “persoa tacaña” e, en consecuencia, *ollo san* significaría “persoa espléndida”, co que un texto cambia completamente de mensaxe.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Lc 11,34-36		
La lámpara del cuerpo es tu ojo; si tu ojo es puro, todo tu cuerpo estará iluminado; pero, si tu ojo fuese malo , también tu cuerpo estará en tinieblas, porque si todo tu cuerpo es luminoso, sin parte alguna tenebrosa, todo el resplandecerá como cuando la lámpara te ilumina con vivo resplandor.	La esplendidez da el valor a tu persona. Cuando eres desprendido toda tu persona vale; en cambio, si eres tacaño , toda tu persona es miserable. Por eso, cuidado con que tu valer no sea sólo miseria. Si eres generoso de arriba abajo, sin tener ni tanto así de miseria, entonces vales todo entero. Así es cuando la esplendidez te ilumina con su brillo.	A luz do teu corpo é o teu ollo. Se o teu ollo está san, todo o teu corpo estará alumado; pero, se o teu ollo está malo , todo o teu corpo estará na escuridade. Mira ben, logo, que a luz que hai en ti non sexa realmente escuridade. Se o teu corpo está alumado, sen traza de escuridade, estará resplandecente como cando a candea te alumina reluciente.

Non lembro se na Biblia galega se mantivo a locución *Ollo malo* por inadvertencia ou por disconformidade coa opinión de Schökel e Mateos, pero si que lembro que se mantivo a expresión *Bebe-lo cáliz*, porque é transparente en galego actual.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Mt 20,22,14		
No sabeis lo que pedís; ¿Podeis beber el cáliz que yo tengo que beber?	No sabeis lo que pedís; ¿sois capaces de pasar el trago que voy a pasar yo? <small>Loc. semítica que coma a española denota unha proba difícil.</small>	Non sabéde-lo que pedides. ¿Poderedes bebe-lo cáliz que eu teño que beber? <small><i>Bebe-lo cáliz = Pasa-lo mal trago</i></small>
Mc 10, 38		
¿Podeis beber el cáliz que yo tengo que beber o ser bautizados con el bautismo con que yo he de ser bautizado?	¿Sois capaces de pasar el trago que voy a pasar yo o de sumergiros en las aguas en que me voy a sumergir yo?	¿Poderedes bebe-lo cáliz que eu teño que beber e recibi-lo bautismo que eu teño que recibir? <small><i>Recibi-lo bautismo</i> tamén é “mergularse no sufrimento”; segundo uso do A.T. a auga tamén ten un senso simbólico de calamidade. Con toda probabilidade tamén hai aquí referencia á paixón de Xesús.</small>
Lc 1,34		
¿Cómo podrá ser esto, pues yo no conozco varón ?	¿Cómo sucederá eso si no vivo con un hombre ?	¿E como pode ser isto, se eu son virxe ?

Lc 23,46-48		
Y diciendo esto, expiró. Viéndolo el centurión, glorificó a Dios diciendo: <i>Verdaderamente este hombre era justo.</i>	Y dicho esto, expiró. Viendo lo que sucedía, el capitán confesó: Realmente, este hombre era inocente. Lit. <i>glorificó a Dios</i> , expresión hebrea que significa "reconocer", "confesar la verdad".	E dicindo esto, morreu. O centurión , vendo o que pasaba, glorificou a Deus dicindo: Realmente este home era inocente.

Finalmente, hai casos nos que, ó rebufo da de Schökel, a traducción galega incorpora expresións actuais que modernizan o texto bíblico.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Lc 4,34		
Había en la sinagoga un hombre poseído del espíritu de un demonio impuro que gritaba a grandes voces: <i>¡Ah! ¿Qué hay entre ti y nosotros, Jesús Nazareno?</i>	Había en la sinagoga un hombre que tenía un demonio inmundo, y se puso a gritar a voces: <i>¡Vamos! ¿Quién te mete a ti en esto, Jesús Nazareno?</i>	Había na sinagoga un home posuído polo espírito dun demonio inmundo, que pegou a berrar dando grandes voces: <i>¿Qué temos que ver contigo, Xesús de Nazaret?</i>
Feit 8,18-20		
Viendo Simón que por la imposición de las manos de los apóstoles se comunicaba el Espíritu santo, les ofreció dinero, diciendo: <i>–Dadme también a mí ese poder de imponer las manos, de modo que se reciba el Espíritu Santo.</i> Díjole Pedro: <i>Sea ese tu dinero para perdición tuya, pues has creído que con dinero podía comprarse el don de Dios.</i>	Al ver Simón que, al imponer las manos los apóstoles, se daba el Espíritu, les ofreció dinero, diciendo: <i>– Dadme a mí también ese poder, que a quien yo le imponga las manos reciba Espíritu Santo.</i> Pedro le replicó: <i>–Púdrete tú con tu dinero, por haberte imaginado que el don de Dios se compra con dinero.</i>	Vendo Simón que pola imposición das mans dos apóstolos se daba o Espírito, ofreceulles cartos, dicindo: <i>–Dádeme a min tamén ese poder para que aquel a quen lle impoña as mans reciba o Espírito Santo.</i> Mais Pedro respondeulle: <i>¡Así rebentes ti e mailo teu diñeiro! ¿Ti coidas que o don de Deus se pode adquirir con cartos?</i>

Ou, cando un pai leva a Xesús a un velorio e resucita unha rapaza dicindo as palabras arameas *Talita, kumí*.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Mc 5,42		
Y al instante se levantó la niña y echó a andar, pues tenía doce años, y se llenaron de espanto.	La chiquilla se levantó inmediatamente y echó a andar, pues tenía doce años. Se quedaron viendo visiones.	A rapaciña ergueuse de contado e botouse a andar, que xa tiña doce anos. E aquela xente quedou coa boca aberta.

J. Mateos di que ós que se aferran á literalidade do texto, que sempre se mantivo, hai que lles preguntar se con esa literalidade se transmite ó lector a

mensaxe do texto grego¹⁶. Eles din que pretenderon non facer unha Biblia con estilo único, senón dar a cada libro o estilo que ten, por exemplo, elevado a Isaías e popular a Marcos.

Nacar-Colunga 1962	Schökel-Mateos 1975	Biblia Galega 1989
Mc 10,24-25		
<i>Hijos, ¡Cuán difícil es entrar en el reino de los cielos! Es más fácil a un camello pasar por el hondón de una aguja que a un rico entrar en el reino de Dios. Más aún se espantaron, y decían entre sí: —Entonces ¿quién puede salvarse? Fijando en ellos Jesús su mirada, dijo: A los hombres sí es imposible, mas no a Dios, porque a Dios todo le es posible.</i>	<i>Hijos, ¡qué difícil es entrar en el Reino de Dios! Más fácil es que pase un camello por el ojo de una aguja que no que entre un rico en el Reino de Dios. Ellos comentaron, completamente desorientados: —Entonces ¿quién puede subsistir? Jesús se les quedó mirando y dijo: Humanamente, imposible, pero no para Dios, porque todo es posible para Dios.</i>	<i>Fillos. ¡qué difícil é entrar no Reino de Deus! É máis doado para un camelo pasar polo ollo dunha agulla, do que para un rico entrar no Reino de Deus. Eles, aínda máis asombrados, comentaban entre si: Entón ¿quen se vai poder salvar? Xesús, mirando para eles fixamente, dixo: Si, para os homes é imposible; pero para Deus todo é posible.</i>

5.5. Concepto de traducción

Na traducción da Biblia hai, como se ve, dúas grandes tendencias: a traducción literal e a traducción real¹⁷. A traducción literal, que mantén palabras e locucións semitas, dando orixe a ese xerga “bíblica”, que é moi distinta da lingua falada, pero conecta ben coa tradición europea bimilenaria. Ese é o caso, en castelán, da Biblia de Ferrara (1533)¹⁸ e da de Bover-Cantera (1948). A traducción real, en cambio, trata de verter na lingua da época a mensaxe bíblica. Tal foi en alemán a traducción de Lutero, que aproveitou a fondo os recursos da fala popular e no castelán a de Petisco-Torres Amat, de fins do XVIII (traducción da Vulgata), a de Nacar-Colunga (primeira feita dos orixinais, 1944), a da Casa de la Biblia e sobre todo a Nueva Biblia Española de Schökel-Mateos (1975).

Pode ter algún interese a polémica que nos anos sesenta e setenta suscitáron nos países católicos os traballos técnicos da introducción das linguas modernas na liturxia católica¹⁹. Houbo mesmo Congresos de tradutores litúr-

16. “Mesa redonda sobre la ‘Nueva Biblia Española’”, en *Razón y fe* 192, 1975, 281.

17. Era interesante ver como xa san Agostiño (*De doctrina cristiana* 4, 7, 15) valoraba máis Vulgata latina de san Xerome cá versión grega dos Setenta, porque a Vulgata era máis transparente. E san Xerome dicía que esa transparencia se consegue fuxindo da traducción palabra a palabra e procurando, en cambio, un texto máis puro e elegante (*Epístola 57 ad Pammachium, De optimo genere interpretandi*).

18. Feita por xudeus e para xudeus polos portugueses Duarte Pinel e Abraham Usque que apareceu en Ferrara en 1533.

19. Véxanse as revistas *The Bible Translator*, published by The United Bible Societies, London 1950 e *Afrique et parole*. Bulletin de la Fraternité Saint-Dominique (B.P. 5098, Dakar) desde 1959.

xicos ós que asistiu o Papa (1965). Georges Mounin publica *Les problèmes théoriques de la traduction* en 1963²⁰. Pódense ver para o francés as opinións de Orrieux²¹ e Feder²². As mellores reflexións que coñezo foron as do xesuíta Luís Alonso Schökel, referidas ó español. Schökel era un coñecedor da literatura clásica grecolatina, especialista en linguas semíticas, profesor do Instituto Bíblico de Roma, que viña dirixindo os traballos de poñer en castelán de final do século XX toda a Biblia. O proxecto del era traducir a un castelán que puidesen recoñecer como propio os hispanos da segunda metade do século XX, prestándolles moita atención á fraseoloxía semítica e á fraseoloxía española²³. Schökel, coma tódolos científicos occidentais da época, carecía da teoría fraseolóxica de que hoxe dispoñemos, pero, en cambio, tiña moi claras as realidades, era moi consciente da importancia da fraseoloxía e manexábaa con enorme habelencia. Sabía do estruturalismo e da gramática xenerativa e intentou traducir estruturas.

Schökel recibiu do Episcopado o encargo histórico de dirixi-la tradución dos textos litúrxicos para o mundo hispano. A súa liña de traductor era atrevida e polémica e foi criticada, respectuosa pero radicalmente criticada, por outro membro da Compañía de Xesús, Gabriel M^a Verd. A discusión de Schökel e Verd é importante como enfrontamento de dúas distintas concepcións antitéticas do que debe ser unha tradución da Biblia. Os dous recoñecen que todo traductor traballa na tensión entre dúas fidelidades: ser fiel ó texto e ser fiel ó lector. Verd, partidario das traducións literais, afirma que a tradución que prima a fidelidade ó texto é única, universal e estable; mentres que as que priman a fidelidade ó lector, son múltiples, particulares e inestables: tantas coma lectores. Aplicado á tradución dos textos bíblicos, Verd di que a literal fainos contemporáneos de Xesús e dos apóstolos (e por iso conserva medidas coma óbolos, metretas, denarios ou expresións coma *en Cristo*) mentres que a tradución non literal –di el– crea a ficción de que son contemporáneos nosos, falando de kilómetros, de fanegas e de millóns²⁴. Acaba desaprobando traducións *bellas pero infieles*.

20. Gallimard.

21. ORRIEUX, Louis-Marie, "Dieu parle-t-il français?", en *Lumière et vie* 16, 81, 1967, 75-96.

22. FEDER, José, "La traduction française du Lectionnaire", en *La Maison-Dieu* 99, 1969, 50-61.

23. Na *Revista de Cultura Bíblica* xa publicara unha serie de artigos sobre a arte de traduci-lo AT 1960, 170-176 e 257-265; 1961, 336-346; 1962, 182-194; 1967, 83-90; e 275-281; 1972, 144-152. Posteriormente fixo varios sobre cuestións fraseolóxicas: "Giros y modismos en la traducción", en *Revista de Cultura Bíblica* 30, 1973, 98-104; "Los giros en la traducción," en *Revista de Cultura Bíblica* 30, 1973, 142-149; "Los modismos en la traducción", en *Revista de Cultura Bíblica* 30, 1973, 221-228; "Giros y modismos como factor estilístico", en *Revista de Cultura Bíblica* 30, 1973, 288-294.

24. VERD, GABRIEL M^a, "La traducción española del Leccionario litúrgico", en *Razón y fe*, marzo 1971, 295-320.

Schökel defendeu o rigor do traballo do seu equipo inmediatamente, no mesmo ano²⁵. Di que Paulo debe dicirlle ó home de hoxe o que lle dicía ó home do seu tempo; ende non, está mal traducido; e, para iso, hai que traducir estruturas por estruturas. Ás observacións de Verd, Schökel²⁶ respondeu que unha novela non mostra o seu ambiente anglosaxón por medir en graos Fahrenheit, millas e plegadas, nin o ambiente do NT se perde se actualizamos medidas inintelixibles coma óbolos, metretas e estadios, maiormente cando as medidas se coñecen e se pode da-la equivalencia case exacta.

Engade Schökel que só a experimentación di que é o que funciona e o que non: pódese discutir que se traduza *centurión* por *capitán*, aínda que coincidan en mandar aproximadamente cen homes. E de feito el volveu á vella fórmula *vanidad de vanidades*. Verbo das traducións *bellas pero infieles*, Schökel responde que unha tradución é fiel cando ten dúas fidelidades: fidelidade ó pensamento expresado no texto orixinal e tamén fidelidade á estrutura da lingua receptora, ó público previsto. E pon un exemplo de tradución fiel: *he swam across the river /cruzó a nado el río*; e, sen embargo, o reparto de lexe-mas e morfemas non corresponda en detalle. Algunha vez puxo outro *cul de sac / callejón sin salida*, onde ningunha das tres palabras se corresponden, aínda que o significado final das dúas é o mesmo. Insiste en que en lingüística a unidade non é a palabra, senón a frase (do mesmo xeito que na poesía é o poema, e non o verso, e na narración, a escena non a frase). E que, se o sistema sintáctico do orixinal se opón ó do receptor debe ser sacrificado. Orrieux (op. cit. p. 82) di que a mellor comunicación é aquela que permite un máximo de fidelidade obxectiva co mínimo esforzo por parte do destinatario.

Iso significa estudia-la fala da xente actual. Schökel cita moitas veces *El español coloquial* de Beinhauer. Excusamos buscar na conxugación regular os matices do aspecto verbal grego. Pero encontráremolo nas perífrases verbais. Non perderon expresividade as linguas: só cambiaron as formas de expresar, da mesma maneira que as declinacións acabaron substituídas por un complexo xogo de preposicións. A busca da fraseoloxía é indispensable, maiormente para os textos narrativos e, nestes, para os diálogos.

A Biblia non está escrita nunha linguaxe nocional e abstracta, senón concreta e chea de imaxes²⁷. Por iso, a Vulgata foi moi creativa, porque colleu a fala popular do seu momento, que, coma sempre, ofrece máis riqueza de expresión cá fala cultivada ancorada no seu conservadorismo tradicional²⁸. O mesmo fixo Lutero –como dixen– aproveitando a fondo os recursos da fala

25. ALONSO SCHÖKEL, L., "Sobre las traducciones litúrgicas", en *Razón y fe* 184, 1971, 369-375.

26. ALONSO SCHÖKEL, L., "Sobre las traducciones litúrgicas", en *Razón y fe* 184, 1971, 369-375.

27. FEDER, José, *Ibidem* 54.

28. MOHRMANN, Ch., *Etudes sur le latin des chrétiens*, Rome, 1958, I, 131, cit. por ORRIEUX, op. cit., p. 80.

popular. O que acontece é que con frecuencia os tradutores da Biblia non afrontan este problema de estilo e así resultan²⁹ tantas traducións que, si, son moi académicas pero que carecen de vida. Por iso hai que fuxir da voz pasiva, aínda que siga estando como posibilidade nos libros de gramática.

Verd di que prefire unha traducción literal para que o lector tropezando na sintaxe non escorregue sobre as ideas. Schökel di que a traducción literal pode estar ben para usos escolares pero é un perigo para a lingua actual. Por iso unha tarefa foi buscar auténticas e xenuínas frases castelás para substituír outras en *castelán bíblico* coma *En verdad, en verdad os digo* (305), *acepción de personas, carbones ardientes sobre la cabeza*. Por certo el traduce este último como *le abrasarás en remordimientos* (Eccl.29).

5.6. Peculiaridade dunha traducción bíblica: o seu obxectivo

Toda traducción, en parte, é interpretación e, en parte, aproximación ó orixinal³⁰. Pero a traducción da palabra de Deus esixe unha disciplina aínda máis estricta, porque o obxectivo do seu traballo é poñer-lo lector ou oínte en contacto directo coa palabra de Deus que o interpela e o ilumina. Iso significa que, cando o traductor comprende o texto orixinal pero carece de equivalencia na lingua de chegada, non pode interpretalo, nin reduci-lo, nin transformalo, nin adaptalo, porque el, o traductor, non ten mensaxe ningunha que introducir nesa relación³¹. O traductor tampouco está autorizado a introducir glosas que desborden o texto. O problema é moi fondo porque na nosa sociedade laica non hai moito espazo para o que non é racional se se toma en serio: *anxos, pobo de Deus, castigo, impíos* non teñen equivalencia na lingua da rúa. Tradutores e cregos sentímo-la necesidade de disociar-la mensaxe perenne das formas de expresar antigas. Pero ou cremos no Deus de Abrahán e de Xesús, que se encarna na historia, ou hai que se contentarse coa crenza teórica no deus abstracto e descomprometido dos filósofos e dos sabios. Traduci-la Biblia hoxe é crer que Deus falou na linguaxe e nos feitos da Biblia pero que segue falando nos acontecementos que vivimos hoxe aquí, en Galicia, en Europa, na crise Norte Sur. Non hai receita e só aproximacións³². Por iso inevitavelmente parecemos falar unha linguaxe mítica. Por iso a traducción nos deixa insatisfeitos a tradutores e a lectores.

E, cando un inclúe unha palabra que literalmente non parece estar no texto, adoita xustificar-la innovación. Así Schökel, cando transforma o cente-

29. ALONSO SCHÖKEL, L., "Giros y modismos como factor estilístico (IV)", en *Revista de Cultura Bíblica* 30, 1973, 288-294.

30. ALONSO SCHÖKEL, L., "La elaboración del Leccionario Litúrgico para las celebraciones en lengua castellana", en *Ecclesia* 23/1, 1965, 25-30.

31. FEDER, José, "La traduction française du Lectionnaire", en *La Maison-Dieu* 99, 1969, 50-61.

32. FEDER, José, *Ibidem* 57-58.

nario *En el principio era el Verbo* por *En el principio ya existía la palabra*³³. Claro que tampouco traducir palabra por palabra, de maneira mecánica, é traducir; traducir esixe sacar á superficie a profundidade do sentido.

Cando a traducción é transparente, non precisa notas aclaratorias. As notas son os remendos que o traductor pon para cubri-la súas deficiencias. A traducción de Schökel³⁴ apenas ten notas, porque a maior parte das dificultades están resolvidas na traducción.

Tampouco se escamotea que existe a tentación do que Schökel chama *hipertraducción*. Traducir *Eucaristía* por *Acción de Gracias* sempre e en tódolos casos.

Ten nisto moito que ver o feito de que a *Vulgata* gozase de tal autoridade, que algunhas traduccións a linguas modernas se fixeron da *Vulgata*, non das linguas orixinais: Torres Amat para o castelán ou Casado Nieto para o galego. Que a forza dese *castelán bíblico* ou *galego bíblico* é case invencible para un traductor, ímolo ver con algúns exemplos.

A súa Biblia, que apareceu en 1975³⁵, provocou novos debates, non sempre abertos pero Schökel saíu repetidas veces en defensa da obra do seu equipo³⁶.

6. Outras características da traducción galega da Biblia de 1989

Moitas das características da traducción galega xa quedan indicadas nas comparanzas anteriores. É unha traducción digna, e poucas gracias, xa que está feita por especialistas que coñecen ben os textos orixinais (un deles traballou con Schökel nas traduccións españolas), que manexaron boas eséxeses e que tiveron á vista varias traduccións estranxeiras³⁷. O esforzo mereceu o Premio Nacional de Traducción.

6.1. Problemas que non tivo a nosa traducción

Nós non tivémo-los problemas das linguas imperialistas. Estas linguas sobredimensionadas teñen problemas irresolubles de fragmentación. *Vós sos un cretino*, que lle di Mafalda a Manolito en Arxentina, ten dúas importantes

33. ALONSO SCHÖKEL, L., "La nueva traducción litúrgica de los Evangelios. Razón de sus singularidades", en *Sal Terrae* 56, 1968, 445-456.

34. ALONSO SCHÖKEL, L., "La Nueva Traducción Litúrgica de los Evangelios. Razón de sus singularidades", en *Sal Terrae* 55, 1967, 706-720 e 56, 1968, 445-456.

35. ALONSO SCHÖKEL, L. e MATEOS, Juan, *Nueva Biblia Española*, Ediciones Cristiandad, Madrid, 1975.

36. VARIOS, "Mesa redonda sobre 'la Nueva Biblia Española'", en *Razón y fe* 192, 1975, 279-296. ALONSO SCHÖKEL, L. e MATEOS, Juan, "Novedades de la Nueva Biblia Española. Una autopresentación", en *Bíblica* 57, 1976, 420-428. "Hacia una 'Nueva Biblia Española'", en *Razón y fe* 190, 1974, 342-352.

37. ENCRUCILLADA, "Editorial. A Biblia en galego", en *Encrucillada* 64, 1989, 325-327.

desviacións da norma española. O portugués de Portugal perde as vocais átonas, mentres o portugués do Brasil conserva as vocais pero transforma as consoantes. No ámbito do léxico as diverxencias son maiores, acontecendo con frecuencia que as palabras que se usan nun país son descoñecidas, ou incluso malsoantes, outros. No mundo francófono as diverxencias e o proceso de *créolisation* en África é inesquivable.

Neste contexto déronse a man dous intereses coincidentes: a obsesión centralizadora e piramidal do Vaticano e o imperialismo inconsciente nas elites metropolitanas destas linguas, detectable mesmo no ámbito da Igrexa. Desta unión de intereses resultou que, desprazado o latín como lingua universal da Igrexa Católica, se buscase unha única tradución oficial, polo menos nesas grandes linguas, como factor de unidade católica. De feito o *Lectionnaire latin-français*, autorizado polo Santo Oficio o 17.10.1956 e publicado en 1960 xustificábase polo obxectivo de loitar contra a proliferación de misais³⁸:

Cette traduction unique contribue même, pour sa part, à renforcer l'unité de la foi déjà exprimée par la langue latine à laquelle l'Eglise tient comme facteur d'union dans l'universalité.

Apoiándose nesta idea, tan querida do conservador cardeal Ottaviani³⁹, as Conferencias Episcopais francófonas buscaron unha tradución común para tódolos países desa lingua, coa simpatía do Vaticano⁴⁰ e do propio Papa⁴¹. Isto levou a buscar un *français fondamental*, que emprega 900 palabras, das que cincuenta van explicadas nun Vocabulario, porque, aínda prescindido dos *créoles* de África, hai numerosos problemas nestas linguas superextendidas: pénsese que no Québec *Christ* (coma en galego *hostia*) é practicamente unha blasfemia.

Tamén as Conferencias Episcopais hispanófonas buscaron unha tradución común para tódolos países da mesma lingua oficial. Iso levou a eliminar expresións que nalgún deses países son inusuais, como *al raso*, que só se entende en España e México (tiveron que poñer *al aire libre*). Igual sucedeu con *veredas*, que en Colombia son *fincas* (tiveron que substituílas por *sende-*

38. En Francia baixo a inspiración inicial dos Movementos de Acción Católica, nomeadamente a JOC, foron aparecendo misais bilingües para que a xente entendese a misa que os sacerdotes dicían en latín: *Missel jociste* (1938), *Missel rural* (1949), *Missel communautaire* (1951), *Missel biblique de tous les jours* (1952). O *Lectionnaire latin-français* é o intento institucional de retirar da circulación esas traducións, acusándoas de seren, máis ben, glosas e paráfrases, e de impoñer unha única tradución na lectura pública en tódalas igrexas. Ben mirado, o problema estaba en que eran varias e pensábase que só unha traducción única e repetida pode fixarse na memoria dos fieis e dar idea da unidade da Igrexa.

39. Carta de 16.1.1959 (D.C. 1959, col 955).

40. *Inter Oecumenici* de 26.9.1964 (nº 40 c)

41. Alocución de Paulo VI o 10.11.1965 ó Congreso de tradutores litúrxicos (D.C. 1965, col. 2054).

ros); *orvallo* non se coñece en América (en Perú é *garúa*); en América por razón do seseo negábanse a *ensalsa-los humildes*; e, como as palabras *coger* e *pan* son malsoantes en parte de Hispanoamérica, houbo que evita-la fórmula inicial da consagración *Y cogiendo el pan en sus manos lo bendijo, lo partió y lo dio a sus discípulos diciendo "Tomad y comed"*.

Os galegos non tivemos ese problema. Nós non somos unha comunidade pluriestatal; somos unha comunidade ben homoxénea, contida nos seus lindeiros naturais, sen diferencias dialectais na gramática ou no léxico que impidan a intercomprensión ou que creen ámbitos de malsoancia recíproca. Esaxerando un chisco, podemos dicir que nós non tiñamos máis problemas có do significado da palabra *cheirar* e que os de Ourense digan *irmaus* fronte ó normativo *irmáns*.

6.2. Outras características

A nosa traducción procurou incorporar estilos de composición tipográfica, que vimos noutras traducións recentes, e que facilitan moito a lectura. Como di Schökel, *o verso imprímese como verso; a narración, como narración; e o diálogo, como diálogo*.

6.3. Cousas mellorables

Schökel e Mateos recoñecen que a traducción que eles fixeron levoulles moitos anos. Que o NT pasou polo menos por seis redaccións sucesivas e incansables retoques e que o AT pasou unha lima semellante. Porque eles non pretendían rebaixa-lo "castelán bíblico" dun 15 a un 10%, senón traduci-la ó castelán de hoxe. A consecuencia é un dato sintomático: Nacar-Colunga ten un 50% de notas. A Biblia Galega ten un 25% de notas (case todas esexéticas). Schökel-Mateos, case non ten notas, e as que ten son case todas de lugares paralelos.

Na nosa traducción, en cambio, fallaron algunhas cousas de método que, dende a perspectiva de hoxe, son case inconcibibles. Para empezar, se aínda hoxe carecemos de dicionarios hebreo-galego, arameo-galego e grego-galego, daquela carecíamos mesmo dun dicionario castelán-galego: o do P. Crespo só chegaba á letra E. Se a secular ausencia da nosa lingua na vida litúrxica facilitaba a innovación por partirmos case de cero, a ausencia de cultivo teolóxico facíanos indixentes de vocabulario. Había, é certo, en todos nós unha ansia de expresar na lingua da nosa infancia aquilo que percibíamos claramente no texto bíblico e, de vez en cando, saíannos cousas moi acertadas, que non viamos aínda nos libros, coma a sintaxe desta frase *Se este non fose un malfeitor, non cho entregabamos* (Xn 18,30). Pero a educación que recibimos, que nos formou en castelán, latín, grego e hebreo, ocultou totalmente o galego e esta incompetencia na lingua nosa, que agora era ademais a lingua de chegada, pasounos fac-

tura. Tiñamos un galego silvestre, só cultivado por lecturas de escritores entusiastas coma nós. Interésame moito subliñar isto, para que ninguén poida pensar nunca que digo, como dixo unha vez Torrente Ballester, que o galego *non nos daba a talla*. Nada diso. O galego dá expresado todo o que os galegos queiramos expresar. Somos nós, eramos nós pouco competentes en galego.

O outro fallo foi o sistema de traballo. Cadaquén fixo a súa tradución e esa tradución pasou dúas revisións sucesivas de lingua e estilo. Pero non houbo traballo de equipo; houbo tradutores illados e posteriores correctores-supervisores que normalmente traballaron tamén illados. Esta mesma reflexión que veño facendo nestas páxinas é individual e espella a miña insatisfacción persoal verbo do resultado final en puntos concretos (coma tal, o dito en 5.4.2.). Lembro que palabras e frases que eu puxera nas miñas traducións desapareceron por obra posterior de non sei quen. Lembro que expresións que eu puxera na revisión que se me encomendou de todo o NT desapareceron posteriormente. Cando cada domingo oíu as lecturas da misa, lembro expresións que eu puxen aí e que están nos *Leccionarios* pero que non están na Biblia. É unha evidencia que a aprobación eclesiástica da Conferencia Episcopal debeu de face-lo resto no sentido de volver un pouco á literalidade e á proximidade ó *castelán bíblico*. De feito hai textos paralelos que aparecen traducidos de forma distinta. Gústanme máis os textos litúrxicos, que non pasaron peneira de persoas que consideran vulgar toda a fraseoloxía. Nós xa sabíamos que traballando en equipo os textos podían saír moito mellor e, de feito, un do noso equipo formara parte, como dixen, do equipo de Schökel. Pero traballar en equipo significaba desprazamentos e gastos que non se podían pagar: lémbrese que todo o traballo foi un traballo absolutamente gratuíto. Cómpre agradecer que a editorial SEPT nos facilitase diversas traducións estranxeiras e que fixese as xestións ante o Goberno Galego e que este fixese posible unha edición digna e barata. Pero non tivemos máis facilidades.

A esta precariedade haille que engadi-la présa, porque nós eramos moi conscientes de que a legalización da nosa lingua chegara cando a liturxia estaba pasando do latín ó castelán, e nós aínda non tiñámo-los libros litúrxicos en galego, en parte, porque non había unha Biblia completa en galego. Case nunca recoñecemos este fallo: no proceso de normalización case sempre contamos unha verdade (a legalización da nosa lingua tardou demasiado tempo) pero calamos outra (cando veu, carecíamos dos materiais para facer efectiva de maneira inmediata esa legalidade). Se a penuria económica fixo que ninguén puidese traballar nisto con dedicación exclusiva e que tampouco houbese traballo en equipo, a urxencia agravou o proceso. Resultado: entre a legalización eclesiástica do galego (1969) e a aparición da Biblia (1989) pasaron vinte anos.

6.4. ¿É posible unha revisión?

Entrando no 2000 a situación de Galicia é moi distinta e permite unha acción institucional que faga posible unha revisión en equipo da tradución. Hoxe temos outras ferramentas e non ten por qué haber penurias que antes padecemos. Hoxe coñecemos mellor o galego: gramática, léxico e fraseoloxía. Hai que igualar lugares paralelos e hai que devolver a cada autor o seu estilo persoal. Hoxe debemos aspirar a unha Biblia ecuménica galega⁴².

En calquera caso para os que traducímo-la Biblia, este traballo non era un xogo literario nin un desafío á nosa habilidade. Tampouco se limitaba a ser un esforzo de tantos por normaliza-la nosa lingua. Era todo iso e, inseparablemente, era un intento de achega-la Palabra de Deus tal e como a percibiron os xudeus doutra época á nosa lingua de hoxe, para que nós aprendamos a percibir, coma eles, a Palabra de Deus que fala no noso tempo. Traduci-la Biblia hoxe é crer que Deus falou na linguaxe e nos feitos da Biblia pero que segue falando nos acontecementos que vivimos hoxe aquí, en Galicia, en Europa, na crise Norte Sur. Para nós, máis importante ca un Premio de Tradución é que sirva para tódolos Círculos Bíblicos que hoxe funcionan en Galicia⁴³.

42. En parte xa o é pola boa disposición dos irmáns de confesión evanxélica. No programa que a Igrexa Evanxélica realiza periodicamente na TVG, máis dunha vez teño visto que participantes de Marín, que me honran coa súa amizade, teñen na man a Biblia nosa e citan por ela.

43. GUERRA CAMPOS, Manuel, "A Biblia en Galicia", en *Encrucillada* 100, 1996, 676-677.

